

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 14 de setembro de 2023 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 10 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2022/23 (código de procedemento ED322A).

Mediante a Orde do 10 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2022/23, aprobáronse as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 11 desta convocatoria, as solicitudes foron revisadas pola comisión avaliadora nomeada na antedita orde, que acordou a exposición da listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas, e as persoas interesadas poderán formular, no prazo de dez días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Dirección Xeral de Formación Profesional.

Finalizado este prazo e de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria, e atendendo á proposta elevada pola antedita comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Formación Profesional

RESOLVO:

Primeiro. Conceder axudas de mobilidade complementarias, no marco do programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia, que se relaciona no anexo I desta resolución e pola contía que se especifica. Así mesmo, inclúese a listaxe de solicitudes excluídas por non reuniren os requisitos establecidos na orde de convocatoria.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez acreditado, mediante certificación, que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



Segundo. O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde do 10 de marzo de 2023 (DOG do 20 de marzo) constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polas persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

ANEXO I Proposta de concesión

Apelidos	Nome	Centro educativo	Contía
Arufe García	Jorge	Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón	660 €
Borges Carreras	Iciar	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.485 €
Canosa González	Jéssica	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	1.125 €
Cea Núñez	Ruth	Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón	660 €
Costas Galocha	Pedro	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	780 €
Díaz Ogorodnikova	Lara	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.125 €
Domínguez González	María	Conservatorio Superior de Música da Coruña	625 €
Domínguez Soutullo	José Manuel	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Fernández Álvarez	Judith	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Falde	250 €
Fernández González	Esther	Conservatorio Superior de Música da Coruña	660 €



Apelidos	Nome	Centro educativo	Contía
Fernández Mallo	Susana	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	825 €
García Blasco	María	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.485 €
García González	José	Conservatorio Superior de Música de Vigo	825 €
García Santamaría	Sara	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	780 €
González Barral	Yara	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	990 €
González González	César	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
González Mayo	Alicia	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.320 €
Gorjanc	Ana	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.800 €
Iftinie Huides	María Fabiola	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
Lago Barros	Alba	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	1.125 €
Lago Bernárdez	María	Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	825 €
Larrauri Suárez	Ana Aaruni	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde	660 €
López Franco	Álvaro	Conservatorio Superior de Música de Vigo	975 €
López López	Andrea	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	990 €
Martínez Martínez	Antón	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Medina Álvarez	Edely Lessly	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde	500 €
Padín Oubiña	Anxo	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	825 €
Paniagua González	Óscar	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.485 €
Pereira Dopazo	Génesis	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde	660 €
Pereira Marques da Silva	Ana Beatriz	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.485 €
Pérez Escourido	Lucía	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
Portas Escaneo	Antía	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde	500 €
Quijano Jordan	Alejandra	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	625 €
Quinteiro Rodríguez	Paula	Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo	825 €
Ramos Alonso	María	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde	660 €
Raña Barreiro	Lara	Conservatorio Superior de Música de Vigo	825 €
Requejo Jorge	Laura	Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia	825 €
Rey Carballo	Dana	Conservatorio Superior de Música de Vigo	1.485 €
Rodríguez Peña	Diego	Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón	660 €
Seijas Acosta	Carmen	Conservatorio Superior de Música da Coruña	1.485 €
Suárez Gallego	Pepa Sofía	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	780 €



Apelidos	Nome	Centro educativo	Contía
Val Barreiro	Mario	Conservatorio Superior de Música de Vigo	825 €
Vaquero Quintero	Laura	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso	660 €
Vázquez Fernández	Marta	Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Falde	500 €
Villalustre Enríquez	Carmen	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	625 €
Total			40.000 €

Solicitudes excluídas

Con base no establecido no artigo 3.1.b) da Orde do 10 de marzo de 2023:

– Barrantes Franco, Sergio Camilo.

